

## Lipoatrofia semicircular

Tras a publicación en Intranet da nota informativa do Comité Estatal de Seguridade e Saúde (no cal CCOO estamos presentes), e mantendo a nosa dinámica de tratarmos os temas coa máxima seriedade e o rigor que nos caracteriza, queremos que o persoal desta empresa estea informado en todo momento de que aspectos considera CCOO que a empresa debería poñer en marcha de agora en diante.

Consideramos que deben clarificar unhas cuestións que estimamos importantes para poder facer un seguimento exhaustivo dos diversos casos detectados de lipoatrofia semicircular, das accións preventivas necesarias e de como actuar ante os posibles casos que poidan xurdir. Polo tanto, **pedímoslle á empresa** que:

1. a lipoatrofia semicircular teña a consideración de accidente de traballo;
2. posto que as autoridades sanitarias confeccionaron un protocolo de actuación ante a aparición da lipoatrofia semicircular, comunique a situación ás autoridades laborais e sanitarias, e que asuma como propio o protocolo de actuación;
3. incorpore, nas avaliacións de riscos que se realizan nos centros de traballo, as medicións pertinentes coa intención de detectar ambientes de traballo adversos e evitar que se produzan outros casos;
4. se cree unha comisión delegada do Comité de Seguridade e Saúde para facer o seguimento pertinente da situación actual, e que dispoña da información exhaustiva dos casos que se poidan producir así como das actuacións que haxa que levar a cabo.


Insistimos, unha vez máis, en que as causas que orixinan a lipoatrofia semicircular son multifactoriais (alta carga electrostática-electromagnética, baixa humidade no ambiente, disposición biolóxica de cada persoa, etc.). Polo tanto, todas as persoas que detecten a posibilidade de sufriren esta afectación é importante que se poñan en contacto de contado con Medicina de Traballo.

Desde CCOO continuaremos informando e traballando, nos marcos de actuación que creamos conveniente, para a mellora das condicións de traballo e a saúde dos traballadores e traballadoras.

Para resolvervos calquera dúbida, quedamos á vosa disposición.

Abril do 2007

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>**

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura	
Nome _____		Ofi.: _____		
Domicilio _____				
Poboación _____		C.P.: _____		
Cta. de cargo _____			DNI _____	Data / / _____
<small>Quedo informado de que os datos persoais que facilito para a xestión solicitada se incorporarán a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal para uso interno baixo responsabilidade de CC.OO.; de que poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos que constan no dito ficheiro nos termos previstos na LOPD 15/99 e demais normativa complementaria a través das sedes de CC.OO., e, por tanto, dou a miña conformidade á recollida de datos, así como á cesión para a indicada finalidade que poida realizar CC.OO. nos termos previstos na devandita Lei.</small>				